

## Raíces e ás

Hai uns días, coincidindo co meu 55 aniversario botei a vista atrás para analizar a herdanza recibida daquelas xeracións que me precederan. Na familia houbo sempre unha tendencia migratoria importante, que se foi consolidando co tempo. Algunhas fixeron unha migración dentro dos límites da Península, e chegados da Rioxa e do Ribeiro remataron por se coñecer en Compostela e fundar unha póla da miña familia directa, a menos viaxeira e máis negociante. Os outros, máis arriscados ou se cadra máis desesperados, logo de longas travesías fixaron a súa residencia en varios países de Sudamérica: Chile, Arxentina, Brasil, Venezuela, Colombia, Cuba e México, para rematar os máis deles vivindo na Florida e mais en Nova York, eses desaugadoiros de latinos que queren ser iankees de primeira. Uns regresaron e outros non, que así son os vaivéns da vida cando un se acolle a tan insegura randeeira como é a emigración. Teño pois a herdanza migratoria, que non sei se irá nos xenes ou será puramente comportamental, de imitación do que outros fixeron antes. Levo case 24 anos en Bruxelas e a ninguén da familia lle asusta, pois sempre foi así, xentiña que emigraba e retornaba ou non.

Os membros comerciantes da familia abriran colmado de produtos ultramarinos en Compostela e por dúas xeracións traficaron, case sempre legalmente, con cacao traído da Guine e café do Brasil, uvas pasas de Corinto e turróns de Alacante, pasta de guaiaba importada de Cuba e té de mate para os retornados da Arxentina. Eses falaban galego e castelán con axilidade de felinos, pois o que eles querían era satisfacer aos clientes, que sempre teñen a razón e porén non compre mudarlle o rexistro lingüístico. Foron eles os que acolleron na casa a Daniel R. Castelao ou os que coñecían de primeira man a D. Ramón Otero Pedraio, os que atesouraban libros de Rosalía ou de Cunqueiro, de Cabanillas ou de Murguía. Deles herdei o bilingüismo harmónico, no que algúns acreditan e outros non. Eu non xulgo, mais a herdanza está aí.

Todos eles, os viaxeiros emigrantes e os comerciantes chegados do interior falaban galego sen complexos cando a ocasión así o precisaba. Todos eles, dunha banda e mais doutra aprendéronme a ser galego, a lembrar as orixes, a saber de onde é que viña e de quen viña sendo.

Sen sabelo, déronme como herdanza dúas ferramentas que moito me ían servir na vida: raíces e ás. Raíces (ou raizames se o prefiren), para entender o próximo e ter un lugar no mundo como referente e ás, para saír polo mundo adiante a gañar o sustento dos meus, mais tendo sempre un ollo posto en Galicia, que é onde as raíces están. É coma se fose unha planta rubideira ou reptante, tipo hedra ou buganvílea, que sen deixar o contacto coa terra voan por riba das árbores máis outas ou dos valados que contornan a casa.

Raíces e ás, para sentirse galego e cidadán de onde se habita, para amar aos dous países, non esquecendo nin de onde é que vimos, nin quen é o que en definitiva nos dá de comer. Outros terán e amarán sen dúbida a sorte que lles tocou de seres sedentarios, e non serei eu quen os envexe ou os deixe de envexar, mais eu recibín como herdanza esas dúas armas e non me podo queixar. Recibín tamén, e isto é algo que me foi transmitido como un tesouro, a capacidade de comezar cada día cantando, que todo envurulla e fai esquecer as desgrazas.

## Xavier Queipo